

## **Modelos de Probas específicas para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática.**

***ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade Autónoma de Galicia.***

### Artigo 4. Proba específica de acceso

1. A proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Arte Dramática terá como finalidade valorar a madureza, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.
2. A superación da proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Arte Dramática faculta, unicamente, para matricularse no ano académico e na especialidade para o que a proba específica fose convocada e realizada, en calquera dos centros do Estado nos que se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas.
3. O resultado da avaliación da proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Arte Dramática exprésase en termos numéricos nunha escala do 0 ao 10, con dous decimais, resultado da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal correspondente. Considerarase a proba superada para as cualificacións iguais ou superiores a cinco.

### Artigo 5. Características da proba específica de acceso

A proba de acceso ás ensinanzas superiores de Arte Dramática será realizada por especialidades. Constará dunha única proba que comprenderá diferentes exercicios, referidos á especialidade pola que opten os aspirantes.

- a) Na especialidade de dirección escénica e dramaturxia consistirá, como mínimo, nun traballo escrito que implicará o desenvolvemento dunha proposta escénica, nun exercicio breve de dirección de grupos, na escrita dun texto breve a partir dunha situación dramática, e nunha entrevista persoal.
- b) Na especialidade de escenografía, consistirá, como mínimo, na realización dun debuxo do natural e dun deseño escenográfico a partir dos motivos que en cada caso se propoñan, e nunha entrevista persoal.
- c) Na especialidade de interpretación consistirá, como mínimo, en dúas sesións de traballo cunha duración non superior a catro horas cada unha nas que se realizarán diferentes actividades expresivas propias da especialidade, e nunha entrevista persoal.

O tribunal encargado da organización, realización e cualificación da proba específica de acceso poñerá en coñecemento dos/das aspirantes o contido e a duración da entrevista persoal establecida nas letras a), b) e c) deste artigo e os criterios de cualificación desta.

<http://esadgalicia.com/futuro-alumnado/probas-acceso/>